

Cabaliños do mar.

Desde o cabo de Palos cara ao norte, exténdese unha lingua de terra de 24 km entre o Mar menor e o Mar Mediterráneo. É a Manga, formada por sedimentos de area que, desde o século XVI, foron unindo unha miríade de illas que, ata entón, atopábanse nunha baía aberta. Así ficou confinado o Mar Menor.

Os elementos tradicionais foron cercados pola cobiza inmobiliaria; e da paisaxe desaparecieron as dunas e as matogueiras que poboaban a Manga ata a década de 1960.

O Mar Menor é unha albufeira, é dicir, unha lagoa comunicada, por medio de canais chamados golgas, co mar, de onde provén a súa auga.

E nesta lagoa salgada atópanse animais que sempre teñen chamado a atención do home.

Os cabalos de mar son peixes teleósteos da familia dos signátidos. O nome adxudicado ao seu xénero, *Hippocampus*, amosa as evocacións do seu aspecto, pois os hipocampos eran os cabalos que tiraban do carro de Poseidón.

Pero, ás veces, cando enrolan a cola arredor das follas de *Posidonia*, recordan aos dragóns dos contos que narran as xestas de cabaleiros.

As placas óseas que recobren o seu corpo danlles unha rixidez que lles obriga a se desprazar en posición vertical, levemente inclinados, con movementos lentos. Non lles resulta doado fuxir, pero o emprego da súa capacidade de camuflaxe supón unha boa estratexia de defensa fronte aos depredadores.

A proba máis notoria de que se trata dun peixe son as súas aletas, coa dorsal en forma de abano, que é a que impulsa o pequeno corpo, duns 15 cm.

Tras a parada nupcial, a femia deposita os ovos na bolsa que os machos teñen no seu ventre. Despóis dalgunhas semanas de incubación, presiona a bolsa coa súa cola e expulsa ás crías.

Os pequenos crustáceos do zooplancton son o seu alimento preferido.

Os movementos dos ollos, independentes entre sí, sérvenlles para localizar as presas máis apetecibles.

Voraces como son, a boca, sen dentes, da punta dun fuciño tubular, aspira e traga as súas presas vivas e enteiras.

Nas costas españolas atopamos dúas especies: *Hippocampus hippocampus*, o máis común, e *Hippocampus ramulosus*, que se caracteriza polos filamentos que se prolongan desde os seus aneis cefálicos e dorsais. Ambas especies son buscadas como recordo turístico.

Fráxiles e esquivos, voraces e rápidos, os cabaliños de mar, protagonistas de lendas, seguen a fascinar a imaxinación, pero tamén ocupan e preocupan aos científicos e naturalistas. Vivos e no seu hábitat é onde adquiren toda a súa beleza. As redes tróficas precisan de todos os nós da súa malla.